

IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

3º de E.S.O.

Curso 2019-20

ÍNDICE

1- PROXECTO CURRICULAR DE XEOGRAFÍA E HISTORIA	3
2- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	3
3- OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.....	3
4- METODOLOXÍA DIDÁCTICA NA E.S.O	5
5- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	5
5.1- SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.....	6
5.2- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	6
5.3- AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	6
5.4- AVALIACIÓN INICIAL	7
6- PUBLICIDADE AO ALUMNADO E PAIS.....	7
7- PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN.....	8
7.1. PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN DURANTE O CURSO	8
7.2. RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES	8
8 - CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR DO CENTRO	9
8.1. AVALIACIÓN DO PLAN LECTOR	10
9- CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TIC	11
9.1. UTILIZACIÓN DAS TIC NA MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA	11
10. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DOCENTE.....	12
11- PROGRAMACIÓN DE XEOGRAFÍA E HISTORIA	13
11.1. CONTIDOS E METODOLOXÍA NA LOMCE	13
11.1.1- TERCEIRO CURSO.....	14
11.1.1.1. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.....	14
11.1.1.2. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN,	16
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMP. CLAVE	16
11.1.1.3. Concreción de estándares e INDICADORES DE LOGRO	21
11.1.1.5. COMPETENCIAS CLAVE E A SÚA AVALIACIÓN	26

1. PROXECTO CURRICULAR DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Comprende a materia de Xeografía e Historia nos dous ciclos da ESO:

1º CICLO: 1º, 2º e 3º de ESO.

2º CICLO: 4º de ESO.

2. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

2.1. LIBRO DE TEXTO:

3º de ESO: "Xeografía e Historia". Editorial ANAYA

ISBN: 978-84-678-5336-0

2.2. MATERIAIS DO PROFESORADO:

Ademáis do libro de texto dispónse da guía para o profesor e actividades para o alumnado elaborada polas editoriais correspondentes para cada nivel educativo, máis os materiais de

elaboración propia de cada profesor ou profesora segundo a súa programación de aula.

Tamén pódese acceder ós materiais curriculares dixitais das editoriais correspondentes.

3. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4. METODOLOXÍA DIDÁCTICA NA E.S.O.

A metodoloxía máis apropiada para esta etapa é a baseada no construtivismo. Trátase pois dunha **metodoloxía activa e participativa**, de carácter comprensivo. Nestas idades é preciso tamén ter en conta os estudos de Piaget sobre o desenvolvemento cognitivo, por tanto, para manter a atención dos alumnos, convén alternar a explicación do profesor (non máis de 20 minutos de exposición maxistral) coa realización de actividades por parte dos alumnos na mesma sesión.

Prestarase unha atención especial á **adquisición das competencias clave** fomentando **a correcta expresión oral e escrita**. É importante tamén utilizar as TIC como formas alternativas de buscar información. Coa finalidade de promover a comprensión lectora e o uso da información dedicarase un tempo á lectura e ás TIC.

Deberase favorecer **o traballo individual e cooperativo** do alumnado polo que neste ensino activo e de indagación deben incluírse tamén os **traballos en grupo dentro da aula**. Este tipo de actividade require un control rigoroso do traballo por parte do profesorado que terá que avaliar os resultados obtidos polos distintos compoñentes do equipo. É aconsellable que o profesorado fixe con antelación que se vai avaliar e llelo comunique aos alumnos.

Preténdese tamén que o alumnado domine, ao final do curso escolar, un **vocabulario específico** das materias. Hai que ter en conta que a materia inclúe dúas disciplinas diferentes cunha epistemoloxía propia: **Historia e Xeografía**. Deberán adquirir o **vocabulario básico** que lles habilite para o afondamento nestas materias no futuro.

A adquisición do vocabulario farase do máis sinxelo ao máis complexo, establecendo unha gradación da dificultade nos mesmos temas ao longo da etapa. Ao final de cada unidade introducirase unha **actividade de síntese** a través da cal o alumnado deberase lembrar do vocabulario xa estudado.

Utilizarase na medida do posible o contorno próximo nos temas relacionados coa xeografía ou a arte, e a **contextualización dos períodos históricos** no estudo de tódalas materias da etapa. Por iso é fundamental a utilización de **eixes cronolóxicos**, esquemas e resumos.

5. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación do proceso de aprendizaxe constitúe unha fase fundamental do proceso educativo, terá carácter formativo e orientador e levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos do currículo: as competencias básicas, os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación especificados para cada curso e ciclo desta etapa educativa.

A avaliación positiva requirirá que o alumnado:

- Domine os contidos mínimos en relación aos criterios de avaliación sinalados.
- Sexa capaz de desenvolver un traballo diario na clase.
- Elabore informes pulcros e claros.
- Participe activamente nos traballos en grupo.
- Adquiera o vocabulario específico da materia tratada.

A LOMCE presenta importantes innovacións no que se refire ó proceso avaliativo establecendo unha gradación que atende a todos os aspectos da avaliación:

AVALIACIÓN DE CONTIDOS, mediante probas de control coas que se poderá comprobar o nivel de adquisición dos principais **conceptos e procedementos**.

AVALIACIÓN POR COMPETENCIAS, mediante probas que avalían o grao de adquisición das **competencias clave**.

RÚBRICAS DE AVALIACIÓN, mediante un documento para cada unidade didáctica que rexistre o grao de avance do alumnado de acordo cos **estándares de aprendizaxe**.

AVALIACIÓN EXTERNAS DE FIN DE ETAPA en primaria e secundaria. Establécense catro **avaliacións externas**, dúas en Primaria (cursos 3º e 6º) con carácter de diagnóstico, e dúas en Secundaria e Bacharelato (4º de ESO e 2º de Bacharelato) con efectos académicos, xa que se o alumnado non as supera no poderá obter o título de Graduado en ESO e de Bacharelato respectivamente.

5.1 SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

Os resultados da avaliación na E.S.O. expresaranse nos termos seguintes: insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaliente (SB), acompañadas dunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais, considerándose cualificación negativa o insuficiente e positivas as restantes, correspondendo ao IN do 1 ao 4, ao SU o 5, ao BE o 6, ao NT o 7 e 8 e ao SB o 9 e 10.

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións. Cando a nota media das avaliacións resulte con números decimais aproximarase ao número enteiro máis próximo. Por exemplo, dende 4 a 4,5 aproximarase a 4. Dende 4,6 a 4,9 aproximarase a 5.

En caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando nalgún control será cualificado/a nesa proba cun 0.

En cada avaliación o profesorado terá en conta, ademáis da nota das probas, as actividades desenvolvidas na aula, que contribuirán a subir a cualificación.

5.2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Serán variados, incluíndo:

- Probas obxectivas
- Exposicións orais
- Temas a desenvolver
- Elaboración e comentarios de gráficas, táboas, organigramas e eixes cronolóxicos.
- Traballos individuais e en equipo.
- O caderno de clase.

5.3. AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na LOMCE as Competencias son un conxunto integrado de capacidades (coñecementos, estratexias, destrezas, habilidades, motivacións, actitudes...) que o alumnado debe desenvolver para dar resposta ós problemas cotidianos. Baseándose no Marco de Referencia Europeo para as **competencias clave na aprendizaxe permanente** (Recomendación 2006/962/EC do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006), a LOMCE define sete

competencias que o alumnado debe adquirir ó final da súa traxectoria académica:

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CL): É a habilidade para expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións de forma oral ou/e escrita (escoitar, falar, ler e escribir), e de interactuar lingüísticamente dun xeito adecuado e creativo en todos os contextos.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMTC): Integra a habilidade de aplicar os conceptos matemáticos, coa finalidade de resolver problemas en situacións cotidianas, xunto coa capacidade de aplicar o coñecemento e o método científico para explicar a natureza.

COMPETENCIA DIXITAL (CD): Implica o uso seguro e crítico das tecnoloxías da información e a comunicación na formación, o traballo e o lecer.

APRENDER A APRENDER (AA): Engloba as habilidades necesarias para aprender, organizar a propia aprendizaxe e xestionar o tempo e a información eficazmente, xa sexa de forma individual ou e grupo.

COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA (SC): Recolle os comportamentos que preparan ás persoas para participar dunha maneira eficaz e construtiva na vida social, profesional e cívica, nunha sociedade cada vez máis diversificada e plural.

SENTIDO DE INICIATIVA E EMPRENDEMENTO (IE): Fai referencia á habilidade de cada persoa para transformar as ideas en actos, poñendo en práctica a súa creatividade, á capacidade de innovación e asunción de riscos, ás aptitudes necesarias para a planificación e a xestión de proxectos.

CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAL (CEC): Implica apreciar a importancia da expresión creativa de ideas, experiencias e emocións a través de distintos medios (música, literatura, artes escénicas, artes plásticas...).

5.4. AVALIACIÓN INICIAL

Para a realización da avaliación inicial, cada profesor ou profesora elaborará e cualificará unha proba que medirá as competencias clave dos cursos anteriores, cuxos resultados serán rexistrados documentalmente.

Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.)

Realizárase como mínimo unha proba escrita por avaliación. O número de probas e o número de temas que entrarán en cada proba déixase a criterio de cada profesor/a.

Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo...)

A cualificación deste tipo de probas servirá para redondear a nota da avaliación cando esta resulte con números decimais. En caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando nalgún control será cualificado/a nesa proba cun 0.

Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)

A cualificación final será a media aritmética das probas realizadas nesa avaliación. Cando a nota media resulte con números decimais aproxímarase ao número enteiro máis próximo, redondeando ó alza ou á baixa segundo a cualificación do traballo realizado polo alumnado.

Mecanismo/s para recuperar unha proba non superada (no seu caso)

Haberá UN EXAME de recuperación para CADA AVALIACIÓN que poderá ser despois de cada avaliación ou ó final de curso. O profesorado de cada materia decidirá a data de realización de dito exame.

É obrigatorio presentarse ao exame de recuperación para todos os alumnos e alumnas que obtiveran unha nota inferior a 4,5 na media da avaliación correspondente. A nota a considerar para a media final, será a máis alta, entre media da avaliación e a da propia recuperación, agás os casos nos que no exame de recuperación teñan unha nota máis de 1,5 inferior á obtida na media da avaliación correspondente

Como se calcula a cualificación final da materia na avaliación ordinaria:

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións. Cando a nota media das avaliacións resulte con números decimais aproximarase ao número enteiro máis próximo. Por exemplo, dende 4 a 4,5 aproximarase a 4. Dende 4,6 a 4,9 aproximarase a 5.

6. PUBLICIDADE AO ALUMNADO E PAIS

En cumprimento da Orde 21 decembro 2007 (DOG 7 xaneiro 2008-artigo 8º1), ao comezo do curso cada profesor ou profesora dará a coñecer aos seus alumnos os contidos desta programación, informando aos grupos nos que vai impartir clase, especialmente de:

- Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación esixibles para superar a materia.
- Os criterios de cualificación, procedementos e instrumentos de avaliación que se utilizarán, incluíndo o programa de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores.

Ademais, o alumnado e os pais poderán ter acceso ao contido desta programación e aclarar calquera dúbida relacionada coa materia dirixíndose en primeiro lugar á xefatura de estudos do centro e en segundo lugar á xefatura do departamento.

7. PROCEDIMENTOS DE RECUPERACIÓN

7.1 PROCEDIMENTOS DE RECUPERACIÓN DURANTE O CURSO

Haberá UN EXAME de recuperación EN CADA AVALIACIÓN. O profesorado de cada materia decidirá a data de realización de dito exame.

Proba extraordinaria de setembro: O alumnado que suspenda a materia en xuño ten dereito a unha proba extraordinaria en setembro cuxas datas serán establecidas pola Xefatura de Estudos.

Consistirá en 5 PREGUNTAS: Unha pregunta será de vocabulario, dúas serán prácticas e dúas teóricas.

Descrición do tipo de proba: número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.

En 4º DE ESO a proba consistirá en 5 PREGUNTAS: Unha pregunta será de vocabulario, dúas serán prácticas e dúas teóricas.

Como se calcula a cualificación

Cada pregunta valorarase en 2 puntos

7.2. RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Mecanismos para o seguimento (clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento, docente encargado da supervisión, etc.)

O alumnado de ESO que teña pendente a materia de XEOGRAFÍA e HISTORIA poderá recuperala por avaliación continua mediante a aplicación dun programa de reforzo elaborado e avaliado polo/a profesor/a responsable de seu seguimento, que será quen imparte clase no curso no que estea matriculado o alumno. O xefe de departamento encargarse da elaboración, vixilancia e corrección dos exames parciais e da vixilancia e corrección das probas de maio e de setembro elaboradas polo departamento.

Cada profesor ou profesora encargárase de informar ó seu alumnado sobre o programa de reforzo e a materia obxecto de exame que corresponde a cada parcial.

O alumnado que suspenda os exames parciais terá dereito a presentarse ás PROBAS FINAIS DE MAIO que establecerá a Xefatura de Estudos. E, no caso de suspender en maio, poderá presentarse a unha PROBA EXTRAORDINARIA EN SETEMBRO.

Como se avalía (avaliacións parciais, avaliación final, cualificación de traballos realizados, etc.)

Para os alumnos e alumnas que cada profesor/a determine, en función da superación do programa de reforzo, establécense DOUS EXAMES PARCIAIS nos que se dividirá a materia:

1º EXAME: mércores , 20 de novembro de 2019, ás 17:00 h., nas aulas do primeiro andar.

2º EXAME: martes, 14 de abril de 2020, ás 17:00 h. nas aulas do primeiro andar.

Como se calcula a cualificación final (ponderación, redondeos, etc.)

Os exames cualificaranse sobre 10. A nota final será a media aritmética dos DOUS PARCIAIS, que no caso de resultar un número decimal se aproximará ao número enteiro máis próximo. Desde 4 a 4,5 aproxímarase a 4. Desde 4,6 a 4,9 aproxímarase a 5.

Descrición do tipo de proba extraordinaria: número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.

Consistirá en 5 PREGUNTAS: Unha pregunta será de vocabulario, dúas serán prácticas e dúas teóricas.

Como se calcula a cualificación da proba

Cada pregunta valorarase en 2 puntos.

8. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR DO CENTRO

O Currículo de Educación Secundaria de Galicia, no seu Anexo IV, establece o Proxecto Lector do Centro: "...O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, **incluírá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde**, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura...". "...Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura. Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal".

Existen catro dimensións xerais da competencia lingüística, que son:

- **Falar e escoitar**, é dicir, ser competente na expresión e comprensión de mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas.
- **Ler**, é dicir, ser competente á hora de comprender e usar textos diferentes con intencións comunicativas tamén diferentes.
- **Escribir**, é dicir, ser competente á hora de compoñer diferentes tipos de texto e documentos con intencións comunicativas diversas.

8.1. AVALIACIÓN DO PLAN LECTOR

O dominio e progreso das competencias lingüísticas nas dimensións de falar e escoitar, e ler e escribir, terá que comprobarse a través do uso que fai o alumnado en situacións comunicativas

diversas. Poden servir de pautas os seguintes exemplos de situacións, actividades e tarefas, que na súa maioría se realizan diariamente e que se poden considerar para avaliar a consecución desta competencia:

FALAR E ESCOITAR

- Presentación de debuxos, fotografías, mapas etc. coa intención de que o alumnado, individualmente ou en grupo reducido, describa, narre, explique, razoe, xustifique, valore a propósito da información que ofrecen estes materiais.
- Presentación pública, por parte do alumnado, dalgunha produción elaborada persoalmente ou en grupo, sobre algúns dos temas que poidan tratarse en clase.
- Exposición en voz alta dunha argumentación, dunha opinión persoal, dos coñecementos que se teñen arredor algún tema puntual, como resposta a preguntas concretas ou a cuestións máis xerais, como poden ser: "Que sabes de...?", "Que pensas de...?". "Que queres facer con...?". Que valor das a...?". "Que consello darías neste caso?".

LER

- Facer **lectura en voz alta**, en todas as sesións de clase, da parte correspondente aos contidos que hai que tratar nesa sesión, do libro de texto ou calquera outro documento usado como recurso, e avaliar certos aspectos como: velocidade, entonación, corrección, ritmo, fonética.
- A partir da lectura do enunciado das actividades que hai que desenvolver, obter a idea principal da cuestión que se propón, para poder dar a resposta adecuada. Sobre todo, da lectura dos enunciados dos exercicios.
- A partir da lectura dun texto determinado (periódico, revista...), indicar que cadro, que representación, que gráfico, que título de entre diversos posibles é o máis adecuado para o conxunto do texto ou para algunha parte, e extraer conclusións.

- Busca e realización de biografías de grandes personaxes e lectura de parte destas.

ESCRIBIR

- Compoñer un texto libre sobre un determinado tema, a partir dalgunha razón que o faga necesario.
- A partir da lectura dun texto determinado, elaborar un resumo.
- Escribir ao ditado ou realizar outro exercicio ou actividade que o profesor pode propoñer en calquera momento como complemento aos contidos tratados nas sesións de traballo.

9. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

O Currículo de Educación Secundaria de Galicia, tamén establece un plan de introdución das TIC no Anexo VI (páx. 422): **"...resulta necesaria a creación dun Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación a nivel de centro e de aula coa participación activa de todo o equipo docente que, unha vez aprobado, se incorporará á programación xeral anual de centro, e a súa avaliación, á memoria deste. Cada proxecto será único atendendo ás características e ás posibilidades que se poden acadar tendo en conta a situación xeográfica, o tipo de alumnado, a formación do profesorado e as infraestruturas dispoñibles..."**

As TIC ofrecen ao alumnado a posibilidade de actuar con destreza e seguridade na sociedade da información e comunicación, aprender ao longo de toda a súa vida e comunicarse sen limitacións das distancias xeográficas nin dos horarios ríxidos dos centros educativos. Ademais, pode utilizalas como ferramentas para organizar a información, procesala e orientala cara á aprendizaxe, o traballo e o ocio.

Pódense establecer as seguintes dimensións para agrupar estas competencias no currículo escolar:

- O uso de SISTEMAS INFORMÁTICOS
- O uso de INTERNET
- O uso de PROGRAMAS BÁSICOS.

9.1. UTILIZACIÓN DAS TIC NA MATERIA DE CIENCIAS SOCIAIS

As novas tecnoloxías teñen cabida na materia de CIENCIAS SOCIAIS, desde a proxección mediante o canón de video de diapositivas, documentais ou presentacións en **PowerPoint**, ata a busca e selección de información en **internet**, utilización de **follas de cálculo** e **procesadores de texto**, ou desenvolvemento dunha **páxina web** por un grupo de alumnos e alumnas. Por exemplo :

- Uso de procesadores de texto para redactar, revisar a ortografía, facer resumes, engadir títulos, imaxes, ligazóns, gráficos e esquemas sinxelos.
- Usos sinxelos das follas de cálculo para organizar a información (datos) e presentalade forma gráfica.
- Utilización de programas de correo electrónico.
- Uso de programas navegadores e de enciclopedias virtuais.
- Usos sinxelos de programas de presentación (PowerPoint ou similares).
- Internet: busca e selección crítica da información.
- Entre as páxinas web dispoñibles que podemos utilizar selecciónanse as seguintes:

[http:// librosvivos.net](http://librosvivos.net)

[http:// www.secundaria.profes.net/](http://www.secundaria.profes.net/)

[http:// www.smconectados.com/](http://www.smconectados.com/)

<http://www.geohistoria.net>

<http://www.socialesweb.com>

<http://www.gh.profes.net>

<http://www.ine.es>

<http://www.artehistoria.com>

<http://www.marm.es>

<http://www.cnice.es>

<http://www.IGE>

<http://www.ub.es/histodidactica/links.htm>

http://www.bnm.me.gov.ar/e-recursos/sitios_interes/ciencias_sociales.php

<http://www.profesorfrancisco.es/>

http://contenidos.educarex.es/sama/2010/csociales_geografia_historia/index.html

10. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DOCENTE

O procedemento para realizar o seguimento da programación e a súa avaliación farase coincidir coas sesións de avaliación, nas que se considerarán, entre outros, os seguintes aspectos:

Sesión de avaliación tras a avaliación inicial.

Nesta sesión de avaliación, como consecuencia da valoración realizada na avaliación inicial, estudarase se a planificación prevista é a adecuada no tocante a:

- Se o alumnado posúe os coñecementos previos necesarios para abordar esta programación docente e, no caso contrario, medidas que se adoptarán.
- Os contidos que se desenvolverán e a súa secuenciación.
- Se as estratexias metodolóxicas previstas son as máis adecuadas para este grupo.
- A organización temporal prevista.
- Se o tipo de actividades previstas é o adecuado ao grupo de alumnado.

Sesións da primeira e segunda avaliación.

Nestas sesións de avaliación analizarase o desenvolvemento da programación docente valorando os seguintes aspectos:

- Se o alumnado vai adquirindo os coñecementos e competencias previstos.
- Se a súa organización temporal está sendo a adecuada.

- Se as estratexias metodolóxicas desenvolvidas son as máis adecuadas.
- Balance xeral e propostas de mellora.

Sesión da terceira avaliación.

Nesta sesión realizarase unha avaliación do desenvolvemento da programación docente facendo maior fincapé nos seguintes aspectos:

- Grao no que se desenvolveu a programación docente.
- Valoración dos resultados académicos, é dicir, en que grao se conseguiron as aprendizaxes e competencias básicas previstas no alumnado.
- En que medida funcionaron as propostas de mellora introducidas nas anteriores sesións de avaliación.
- Análise xeral: valoración do conseguido, análise das posibles causas das dificultades atopadas, propostas de mellora e/ou revisión dalgúns aspectos da programación docente.

11- PROGRAMACIÓN DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

A LOMCE establece cambios na estrutura, nos obxectivos, na organización dos contidos e na metodoloxía da materia de Ciencias Sociais, que pasa a denominarse XEOGRAFÍA E HISTORIA e durante este curso 2016-17 se implanta en todos os niveis educativos.

11.1. CONTIDOS E METODOLOXÍA NA LOMCE

A materia de XEOGRAFÍA E HISTORIA engloba dúas materias diferenciadas tanto nos contidos coma na epistemoloxía: A Xeografía organízase, no primeiro ciclo, nos bloques titulados "O medio físico" e "O espazo humano", e en cuarto curso céntrase na globalización. A Historia estuda as sociedades ao longo do tempo, seguindo un criterio cronolóxico ao longo dos dous ciclos de ESO.

Na secuencia dos tres primeiros cursos de ESO tivéronse en especial consideración dous factores: por unha banda procurouse unha repartición o máis equilibrada posible entre a Xeografía e a Historia nos tres cursos e, por outra, intentouse secuenciar do xeral ao particular, traballando nos primeiros cursos con contidos máis

globalizados e incrementando o nivel de complexidade á medida que se avanza na etapa. Dese xeito, procúrase ir da identificación e da localización dos primeiros cursos en Xeografía cara a realización de tarefas máis elaboradas no remate da etapa. A Historia recibe un tratamento semellante, pois os contidos cos que o alumnado traballará nos primeiros cursos presentan un enfoque máis xeral, que abrangue o devir humano ata o século XVIII e deixa o derradeiro curso da etapa para o estudo da historia contemporánea. En todo caso, a evolución histórica dos dereitos da muller ata a actualidade debe formar parte do desenvolvemento curricular a aplicar na aula.

Deberase ter en conta o traballo de todos os elementos transversais do currículo cando cumpra. Neste sentido, merecen unha mención especial a educación cívica, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, e o traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. A materia de Xeografía e Historia é un vehículo adecuado para animar ao emprendemento. Ademais, o desenvolvemento sustentable e o medio, os riscos de explotación e o abuso e maltrato son ineludibles.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Xeografía e Historia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. É moi importante ter presente o papel do/da docente como orientador/a, promotor/a e facilitador/a do desenvolvemento competencial do alumnado, e non esquecer a adecuada coordinación entre docentes.

11.1.3. TERCEIRO CURSO

11.1.3.1. SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

Os tempos serán flexibles en función de cada actividade e das necesidades de cada alumno, que serán os que marquen o ritmo de aprendizaxe. Tendo en conta que o curso ten aproximadamente 34 semanas e considerando que o tempo semanal asignado a esta materia é de 3 horas, sabemos que no curso habería arredor dunhas 112 sesións. Cada profesor ou profesora deberá facer unha estimación da repartición do tempo por unidade didáctica segundo a súa programación de aula.

1º TRIMESTRE

TEMA 1. O INICIO DA IDADE MODERNA

- A Idade Moderna.
- Os descubrimentos (I). As causas dun proceso.
- Os descubrimentos (II). As viaxes e os viaxeiros.
- O nacemento do Estado moderno.
- As transformacións económicas e os cambios sociais.
- Os cambios e os conflitos relixiosos. A Reforma e a Contrarreforma.
- O humanismo. A nova visión do ser humano.
- O Renacemento en Italia (I). A arquitectura.
- O Renacemento en Italia (II). A escultura e a pintura.
- O Renacemento fóra de Italia.

TEMA2. O INICIO DA IDADE MODERNA EN ESPAÑA, GALICIA E AMÉRICA

- O reinado dos Reis Católicos.
- A monarquía hispánica.
- A política dos Austrias.
- A conquista de América.
- A colonización e a organización de América.
- A economía , a sociedade e a vida cotiá.
- O século de Ouro (I). A cultura e a arquitectura.
- O século de Ouro (II). A escultura e a pintura.
- O inicio da Idade Moderna en Galicia

TEMA3. O SÉCULO XVII EN EUROPA, ESPAÑA E GALICIA

- O século XVII. As transformacións e os conflitos.
- Os réximes políticos.
- A poboación e a economía de Europa.
- A monarquía hispánica no século XVII
- A sociedade e a vida cotiá en Europa e en España.
- A ciencia e a cultura.
- O legado artístico. O Barroco.
- O Barroco en Europa.
- O Barroco en España e América.
- O Barroco en Galicia.

2º TRIMESTRE

TEMA 4. AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS E OS ESPAZOS XEOGRÁFICOS

- A actividade económica. Os compoñentes e os sectores.
- Os axentes económicos e as súas relacións
- Os factores de produción (I). Os recursos, o capital e a tecnoloxía
- Os factores de produción (II). O traballo
- Os sistemas económicos.
- As tendencias económicas actuais (I). As ideoloxías e os problemas.
- As tendencias económicas actuais (II). A globalización económica.
- As áreas xeoconómicas mundiais

TEMA 5. O SECTOR PRIMARIO. OS ESPAZOS AGRARIOS

- Os espazos agrarios.
- A actividade agraria. Os factores físicos.
- A actividade agraria. Os factores humanos.
- A paisaxe agraria e os seus elementos.
- A agricultura. A diversidade e os tipos
- A agricultura. Os sistemas agrarios tradicionais.
- A agricultura. Os sistemas agrarios avanzados.
- A gandería. As formas de explotación e os modelos

- A explotación forestal.
- A pesca. A utilización do mar.

TEMA 6. O SECTOR SECUNDARIO. OS ESPAZOS INDUSTRIAIS

- O sector secundario.
- As bases da actividade industrial (I). As materias primas.
- As bases da actividade industrial (II). As enerxías tradicionais.
- As bases da actividade industrial (III). As enerxías alternativas.
- A enerxía no mundo. O aforro enerxético.
- A evolución da industria e das súas paisaxes (I).
- A evolución da industria e das súas paisaxes (II).
- A industria e a globalización (I). Os tipos e os factores de localización.
- A industria e a globalización (II). As áreas industriais no mundo.

TEMA 7. O SECTOR TERCIARIO. OS ESPAZOS E AS ACTIVIDADES

- Os espazos terciarios.
- O transporte (I). As redes e a situación actual.
- O transporte (II). Os sistemas de transportes
- O turismo (I). As modalidades e os espazos turísticos.
- O turismo (II). Os efectos e as políticas turísticas.
- As actividades comerciais.
- O comercio interior.
- O comercio exterior.

3º TRIMESTRE

TEMA 8. A ORGANIZACIÓN E AS ACTIVIDADES ECONOMICAS EN EUROPA

- A organización política e territorial da Unión Europea.
- A poboación activa.
- O sector primario.
- O sector secundario.
- O sector terciario.

TEMA 9 . A ORGANIZACIÓN E AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS EN ESPAÑA E GALICIA

- A organización política de España.
- A organización territorial de España.
- O sector primario en España (I). As paisaxes agrarias.
- O sector primario en España (II). A actividade pesqueira.
- O sector primario en Galicia.
- O sector secundario en España (I). A minería e a enerxía.
- O sector secundario en España (II). A industria e a súa localización.
- O sector secundario en Galicia.
- O sector terciario (I). O comercio e o transporte.
- O sector terciario (II). O turismo.
- O sector terciario en Galicia.

TEMA 10 . OS RECURSOS NATURAIS E OS IMPACTOS AMBIENTAIS

- O ser humano e o medio ambiente.
- Os problemas do relevo e do solo.
- Os problemas da auga e da atmosfera.
- A deforestación e a perda de biodiversidade.
- Os problemas ambientais de España.
- Os espazos naturais protexidos en Europa e España.
- Os espazos naturais protexidos en Galicia.

TEMA 11 . AS DESIGUALDADES SOCIOECONÓMICAS E OS CONFLITOS MUNDIAIS.

- Como se miden as desigualdades?.
- Os graos de desenvolvemento.
- As causas do desenvolvemento desigual.
- A evolución recente das desigualdades mundiais.
- As desigualdades socioeconómicas en Europa.
- As desigualdades sociais e rexionais en España.
- Os retos pendentes do desenvolvemento humano e as súas solucións (I).
- Os retos pendentes do desenvolvemento humano e as súas solucións (II).

- Os conflitos bélicos e a desigualdade.

11.1.3.2. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O medio físico				
b e f g h	B1.1. Localización. Latitude e lonxitude	B1.1. Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite	XHB1.1.1. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite.	CAA CMCCT CCL CD
			XHB1.1.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas.	CAA CMCCT CD
			XHB1.1.3. Coñece e interpreta os tipos mapas temáticos	CAA CMCCT CCL CD
Bloque 2. O espazo humano				
a b e f g l h	B2.1. Organización política e territorial de España.	B2.1. Coñecer a organización administrativa e territorial de España.	XHB2.1.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.	CCL CMCCT CD CAA CSC
b e c f g h	B2.2. Sectores de actividade económica.	B2.2. Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario, e extraer conclusións.	XHB2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.	CCL CMCCT CD CAA CSC
b c e f g h	B2.3. Sectores económicos en Europa, en España e en Galicia.	B2.3. Recoñecer as actividades económicas que se realizan en Europa nos tres sectores, identificando distintas políticas económicas.	XHB2.3.1. Diferencia os sectores económicos europeos.	CCL CMCCT CAA CSC

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b e f g h	B2.4. Sistemas económicos do mundo.	B2.4. Coñecer as características de diversos tipos de sistemas económicos	XHB2.4.1. Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico.	CCL CSIEE CCL CAA CSC
b c e f g h l m ñ	B2.5. Aproveitamento e futuro dos recursos naturais. Desenvolvemento sustentable.	B2.5. Entender a idea de desenvolvemento sustentable e as súas implicacións.	XHB2.5.1. Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el.	CCL CMCCT CD CAA CSC
b e f g h	B2.6. Recursos naturais e actividades agrarias.	B2.6. Localizar os recursos agrarios e naturais no mapa mundial.	XHB2.6.1. Sitúa no mapa as principais zonas cerealistas, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo.	CAA CD CMCCT
			XHB2.6.2. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo.	CAA CSIEE CD CMCCT
			XHB2.6.3. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo.	CD CAA CSIEE CMCCT
			XHB2.6.4. Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas.	CCL CAA CSIEE CMCCT
b c e f g h m	B2.7. Pesca: tipos e problemática.	B2.7. Explica e localiza os tipos de pesca e os seus problemas.	XHB2.7.1. Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais.	CCL CMCCT CD CAA CSC CSIEE
b e f g h	B2.8. Sector industrial. Rexións industrializadas do mundo.	B2.8. Explicar a distribución desigual das rexións industrializadas no mundo.	XHB2.8.1. Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.	CCL CAA CSIEE

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b e f g h	B2.9. Actividades terciarias: transporte.	B2.9. Analizar o impacto dos medios de transporte no seu contorno.	XHB2.9.1. Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións.	CD CAA CSC CSIEE
b e f g h	B2.10. Actividades terciarias: comercio.	B2.10. Entender os fluxos e os bloques comerciais.	XHB2.10.1. Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país.	CAA CD CCL CMCCT CSIEE
			XHB2.10.2. Describe as características do comercio internacional na actualidade.	CAA CCL CSC CSIEE
			XHB2.10.3. Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen.	CAA CCL CSC CSIEE
b e f g h	B2.11. Turismo.	B2.11. Analizar o desenvolvemento do turismo e a súa importancia económica.	XHB2.11.1. Identifica os tipos de turismo e os seus efectos	CAA CCL CCEC CSIEE CD
			XHB2.11.2. Valora a importancia do turismo na economía española e galega.	CAA CCL CCEC CSIEE CD
b c e f g h m	B2.12. Causas do desenvolvemento desigual no mundo. Débeda externa.	B2.12. Analizar gráficos de barras por países e textos onde se reflectan os niveis de consumo, o comercio desigual e a débeda externa entre países en desenvolvemento e os desenvolvidos.	XHB2.12.1. Comparar as características do consumo interior de países como Brasil e Francia.	CAA CCL CSC CSIEE CD
			XHB2.12.2. Crea mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o funcionamento do comercio, e sinala os organismos que agrupan as zonas comerciais.	CAA CCL CSIEE CD

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			XHB2.12.3. Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflectan as liñas de intercambio.	CAA CMCCT CSIEE CD CCL
b c d e f g h	B2.13. Tensións mundiais e subdesenvolvemento. Solucións ao problema.	B2.13. Relacionar áreas de conflito bélico no mundo con factores económicos.	XHB2.13.1. Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza.	CAA CSC CSIEE CCL
			XHB2.13.2. Sinala áreas de conflito bélico no mapa mundi e relacións con factores económicos.	CCL CAA CSC CSIEE
Bloque 3. A historia				
f l ñ	B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia	B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou influéneles.	XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado	CSC CAA CCEC
h l ñ	B3.2. Fontes históricas.	B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.	XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	CSC CAA
			XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.	CSC CAA
l ñ	B3.3. Cambio e continuidade.	B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	CSC CMCCT
			XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	CSC CMCCT
f l ñ	B3.4. Tempo histórico.	B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía)	XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	CSC CMCCT

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h l ñ	B3.5. Vocabulario histórico e artístico.	B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	CSC CCL
g l	B3.6. Idade Moderna: concepto e datación.	B3.6. Comprender a significación histórica da etapa do Renacemento en Europa.	XHB3.6.1. Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.).	CSC CAA
f g h l n	B3.7. Renacemento e Humanismo: alcance posterior.	B3.7. Relacionar o alcance da nova ollada dos humanistas, artistas e científicos do Renacemento con etapas anteriores e posteriores.	XHB3.7.1. Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos.	CSC CCEC CAA CCL
l n ñ	B3.8. Arte renacentista e barroca.	B3.8. Coñecer a importancia da arte renacentista e barroca en Europa e en América.	XHB3.8.1. Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época.	CSC CCEC CMCCT CCL
g l h n ñ	B3.9. Principais manifestacións da cultura dos séculos XVI e XVII.	B3.9. Coñecer a importancia dalgúns autores e obras destes séculos.	XHB3.9.1. Analiza obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto.	CSC CCEC CAA CCL
a c d g l	B3.10. Estado moderno: monarquías autoritarias, parlamentarias e absolutas.	B3.10. Comprender a diferenza entre os reinos medievais e as monarquías modernas.	XHB3.10.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.	CSC CAA
a c d g l	B3.11. Monarquías modernas: unión dinástica de Castela e Aragón. Posición de Galicia.	B3.11. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna.	XHB3.11.1. Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos.	CSC CAA
f g h l m	B3.12. Descubertas xeográficas: Castela e Portugal. Conquista e colonización de América.	B3.12. Entender os procesos de conquista e colonización, e as súas consecuencias.	XHB3.12.1. Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización.	CSC CMCCT CAA CCL
XHB3.12.2. Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo.			CSC	
XHB3.12.3. Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América.			CSC CAA CCL	

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 3º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g l	B3.13. Os conflitos europeos nos séculos XVI e XVII a través das políticas dos Austrias: reforma, contrarreforma e guerras de relixión; loita pola hexemonía e guerra dos Trinta Anos.	B3.13. Coñecer trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa.	XHB3.13.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos".	CSC CAA

11.1.3.3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E INDICADORES DE LOGRO: Grao mínimo de consecución 50%
Considerarase superada a materia cando o alumnado consiga cumprir a metade do total dos seguintes indicadores:

1. Definir o significado dos termos específicos de cada unidade didáctica.
2. Analizar as transformacións demográficas, económicas e sociais que tiveron lugar nos inicios da Idade Moderna.
3. Saber como se articulou a unificación política da Península Ibérica durante o reinado dos Reis Católicos.
4. Analizar os poderes básicos da monarquía autoritaria dos Reis Católicos: Santa irmandade, Real Audiencia, sistema de concellos...
5. Coñecer a organización económica e social durante o reinado dos Reis Católicos.
6. Describir a expansión territorial levada a cabo polos Reis Católicos a través da análise da súa política internacional.
7. Coñecer as teorías xeográficas e os "erros" de Cristovo Colon.
8. Explicar como se produciu o descubrimento do continente americano.
9. Coñecer o modo de vida e a distribución xeográfica das sociedades precolombianas.
10. Coñecer a definición dos seguintes conceptos: Humanismo, Renacemento, Reforma e Contrarreforma.
11. Coñecer como se produciu a reforma eclesiástica protestante e identificar ós seus principais protagonistas.
12. Analizar a reacción da Igrexa católica e o proceso de Contrarreforma relixiosa.

13. Identificar as medidas que a Igrexa católica adoptou no Concilio de Trento.
14. Recoñecer o proceso de aparición dunha nova concepción da arte: o Renacemento.
15. Describir as características da arte italiana durante os séculos XV e XVI.
16. Identificar algunhas das obras máis representativas do Quattrocento e do Cinquecento.
17. Coñecer as características máis importantes da arte renacentista en España.
18. Saber quén foron os reis españois da Casa de Austria ou de Habsburgo.
19. Coñecer a orixe e evolución da dinastía dos Habsburgo desde Carlos I, Filipe II, construtores dun grande imperio europeo e americano, ata Filipe III, e Carlos II, momento en que o imperio entrou nunha profunda decadencia.
20. Identificar os principais problemas e guerras ás que tivo que facer fronte Carlos V e Filipe II.
21. Explicar os distintos órganos de goberno e institucións da monarquía dos Habsburgo.
22. Coñecer o funcionamento da organización administrativa e económica do Imperio colonial.
23. Comprender as causas da decadencia política do século XVII e a perda da hexemonía dos Habsburgo en Europa.
24. Explicar as características da economía e da sociedade do século XVI-XVII.
25. Comprender os principios nos que se basea o absolutismo monárquico.
26. Identificar os novos valores culturais do Barroco: arte, relixión, filosofía e ciencia.
27. Recoñecer as características xerais da escultura, pintura e a arquitectura barrocas e identificar ós seus artistas máis importantes.
28. Recoñecer a importancia da revolución científica do século XVII; e explicar as contribucións dos científicos máis destacados.
29. Recoñecer as características da arquitectura, pintura e escultura barroca española.
30. Explicar as principais funcións do Estado e establecer diferenzas entre os distintos modelos de Estado.

31. Localizar os diferentes espazos xeopolíticos e culturais do mundo e coñecer as súas principais características.
32. Explicar que é a actividade económica e o papel que desenvolven os diferentes axentes económicos que interveñen nesta actividade.
33. Enumerar os factores de produción e as áreas produtoras do mundo.
34. Diferenciar as características do sistema capitalista dos doutros sistemas.
35. Comparar as situacións laborais das persoas no mundo laboral e establecer relacións de causa-efecto entre a regulación do mercado e as actividades do movemento obrero.
36. Explicar cales son os principais recursos naturais e diferenciar que problemas os afectan.
37. Relacionar os riscos naturais coas consecuencias para o ser humano.
38. Clasificar os recursos naturais segundo sean renovables o non renovables, explicando as súas características, localización e aproveitamento para os seres humanos.
39. Establecer relacións de causa-efecto entre a organización dos espazos agrarios e os factores que os explican.
40. Explicar os diferentes espazos agrarios, diferenciando as súas características e localizalos nun mapa do mundo.
41. Valorar as aportacións do alumno encamiñadas a conservar o medio natural e a criticar as actitudes e comportamentos da sociedade que danan os recursos naturais.
42. Enumerar as actividades que compoñen o sector secundario, explicar as diferenzas que hai entre este sector e os restantes sectores económicos.
43. Establecer os parámetros que diferencian ás industrias polo seu tamaño, desenvolvemento tecnolóxico e posición que ocupan no proceso de produción e explicar as condicións propias que precisa cada tipo de industria e que determinan a elección da súa localización.
44. Clasificar os principais avances de cada unha das tres revolucións industriais.
45. Relacionar as novas condicións da industria mundial coas causas que motivaron a relocalización de moitas empresas.

46. Citar os principais núcleos industriais do mundo actual diferenciando os históricos e os emerxentes.
- 47.** Delimitar as diferentes paisaxes industriais a través da súa historia, a súa ubicación e evolución.
48. Relacionar as distintas actividades que conforman o sector terciario e apreciar a importancia que alcanzaron no mundo actual.
49. Comparar a proporción do sector servizos co do primario e secundario no mundo actual e analizar por que medra o sector terciario distinguindo como o fai nos países desenvolto e nos subdesvolto.
50. Clasificar os servizos segundo os distintos sectores e recoñecer as pautas da súa localización.
51. Distinguir as formas de consumo e as características dos novos espazos onde se desenvolven as estratexias comerciais.
52. Identificar as características dos medios de transporte e a importancia que o seu desenvolvemento tivo para o progreso económico e o desplazamento de persoas e mercancías.
53. Establecer relacións de causa-efecto entre o auxe do turismo e os profundos cambios que se produciron na sociedade e na paisaxe das zonas onde máis se desenvolveu.
54. Diferenciar as zonas do mundo atendendo á súa densidade de poboación.
55. Comparar os distintos parámetros para determinar a estrutura natural da poboación.
56. Clasificar os tipos de crecemento asociándoos ao grao de desenvolvemento de cada zona.
57. Identificar os principais movementos migratorios da historia e sinalar as súas consecuencias.
58. Explicar os principais fluxos migratorios da actualidade e as súas repercusións tanto na zona de recepción como de emisión.
59. Identificar as características dos núcleos rurais e urbanos e as súas diferencias e comentar as influencias que a cidade exerce sobre o medio rural e os cambios que a este respecto se están introducindo.
60. Explicar os trazos fundamentais do crecemento da poboación urbana e as súas proxeccións, e establecer relacións entre o grao de urbanización no mundo desenvolto e subdesvolto e as súas causas.

61. Comparar as características das cidades preindustriais, industriais e do século xx.
62. Diferenciar os elementos que caracterizan o centro e a periferia dunha mesma cidade.
63. Relacionar os problemas actuais das cidades coas causas que os producen.
64. Enumerar as funcións e actividades das cidades, e citar exemplos segundo as funcións e actividades.
65. Diferenciar as fases históricas polas que atravesou o proceso de globalización até chegar á situación actual e identificar os elementos que sinalan a globalización crecente dun mundo en continua evolución.
66. Localizar os fluxos que se producen no mundo actual de mercancías, persoas e información e comprobar o seu continuo crecemento.
67. Coñecer os elementos que potencian a globalización da tecnoloxía, as finanzas, as institucións e as empresas multinacionais, e clasificar as estratexias que seguen as multinacionais para a súa expansión en todo o mundo.
68. Analizar o que propoñen os movementos antiglobalización.
69. Explicar as innovacións que se están producindo nos transportes a nivel mundial e que están determinando unha nova distribución dos fluxos de persoas e mercancías, así como os avances do sector das telecomunicacións que hoxe dominan o mundo.
70. Explicar as teorías do crecemento económico, do desenvolvemento humano e o desenvolvemento sostible e os indicadores que empregan cada unha delas.
71. Comparar índices económicos e de benestar de diferentes países do mundo, relacionándoos cos factores que os producen.
72. Enumerar as causas da fame no mundo e identificar as zonas e países que a padecen.
73. Establecer relacións entre los problemas medioambientais e os factores que os causan.
74. Explicar as causas dos conflitos actuais, as súas características e situalos no mundo.
75. Enumerar os principais organismos internacionais e organizacións non gubernamentais, relacionándoos coas actividades que desenvolven.

76. Explicar as causas que determinan a distribución da poboación en Europa, así como o seu progresivo envellecemento e a influencia da inmigración. Desenvolver as características da trama das nosas cidades e os espazos internos das mesmas.
77. Sintetizar as peculiaridades da economía continental, o seu desenvolvemento industrial, as influencias da globalización, as actividades do transporte e o turismo en Europa.
78. Recoñecer o mosaico cultural europeo e as principais liñas de evolución do fenómeno da unidade europea así como describir os conflitos recentes provocados polo nacionalismo en Europa nos últimos anos.
79. Identificar as institucións que serviron de base para a creación da UE. Enumerar as distintas incorporacións á Unión Europea e describir cada momento histórico na evolución da mesma, e localizar os países do leste de Europa que se integraron na Unión e indicar os problemas que esta ampliación supón.
80. Enumerar as principais institucións europeas así como as atribucións de cada unha delas.
81. Explicar os desequilibrios dos países da Unión e as estratexias que se empregan para reducilos. Enumerar as competencias da Unión Europea e as políticas que aplica sobre os diversos sectores.
82. Explicar os problemas que ameazan ao medio ambiente e algunhas das solucións que se propoñen para a súa protección.
83. Explicar as características de cada unha das actividades do sector primario en España e localizar as diferentes paisaxes agrarias, explicando as súas características.
84. Establecer relacións de causa-efecto entre as transformacións da industria en España e os factores que as explican.
85. Situar nun mapa de España as súas principais áreas industriais e enumerar as súas características máis significativas.
86. Enumerar os diferentes medios de transporte e as súas características, localizándoos nun mapa de España.
87. Clasificar as actividades comerciais de España e explicar a súa importancia para a balanza de pagos.
88. Explicar as características do turismo en España.
89. Enumerar as principais fontes que se utilizan para elaborar os datos da poboación española, realizar a análise dunha das súas pirámides de idades.

90. Explicar as distintas fases polas que foi pasando a poboación en España con respecto aos movementos naturais.
91. Describir os fluxos dos movementos migratorios exteriores e interiores no pasado, e tamén os dos inmigrantes que hoxe acollemos entre nós.
92. Enumerar as causas que determinan o reparto desigual do poboamento de España e delimitar as distintas zonas resultantes.
93. Establecer as principais formas de poboamento que se dan en España, así como as causas do reparto desigual da poboación e da estrutura da poboación española actual.
94. Sintetizar as características da estrutura da poboación por actividades económicas en España, así como a taxa de actividade.
95. Identificar as características da cidade de orixe romano, medieval, e das cidades renacentistas e da Ilustración, citando exemplos dalgunha delas.
96. Explicar as transformacións da cidade nos séculos XIX e XX, nomeando exemplos concretos.
97. Explicar as transformacións recentes da cidade española relacionándoas coas causas que as producen, así como identificar, analizar e comentar o plano dunha cidade actual.
98. Explicar as principais características das áreas metropolitanas, e citar algúns exemplos.
99. Describir e analizar os problemas das grandes cidades españolas.

11.1.3.5 COMPETENCIAS CLAVE E A SÚA AVALIACIÓN

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

- Coñecer os axentes e institucións básicas que interveñen na economía de mercado.
- Entender as mudanzas que se están a producir nas relacións económicas e sociais a escala mundial.
- Analizar as causas e as consecuencias das tendencias migratorias predominantes no mundo actual.
- Expresar as propias opinións de forma asertiva.

- escoitar activamente e mostrar unha actitude favorable ao diálogo e ao traballo cooperativo.
- Reflexionar de forma crítica sobre algúns problemas sociais como a existencia de colectivos desfavorecidos.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

- Extraer, analizar e comprender a información numérica de táboas, listaxes, gráficos e diagramas.
- Facer cálculos matemáticos sinxelos para comparar fenómenos de carácter social e/ou xeográfico
- Identificar e localizar no mapa os principais ámbitos xeopolíticos, económicos e culturais do mundo.
- Recoñecer os trazos físicos e humanos básicos do territorio español e da Unión Europea.
- Recoñecer os desequilibrios territoriais na distribución dos recursos e explicar as súas consecuencias.
- Tomar conciencia dos problemas que a explotación do espazo pode xerar no medio.
- Suxerir actuacións e políticas concretas que contribúan ao desenvolvemento sostible.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

- Desenvolver a sensibilidade para gozar con distintas expresións do patrimonio natural e cultural.
- Interesarse pola conservación do patrimonio cultural.

COMPETENCIA DIXITAL

- Obter información a través de varios tipos de fontes: documentos visuais, cartográficos, etc.
- Analizar os datos numéricos e mais os indicadores socioeconómicos de táboas e diagramas.
- Relacionar, procesar e sintetizar a información procedente de fontes diversas: gráficos, bocexos, mapas temáticos, bases de datos, imaxes e fontes escritas.
- Comunicar as conclusións de forma organizada empregando as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

- Saber expresar as propias ideas e emocións, oralmente e por escrito, utilizando a terminoloxía máis axeitada en cada caso.
- Interpretar textos de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación.
- Utilizar diferentes variantes do discurso, nomeadamente a descrición e a argumentación.
- escoitar as opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico, respectando as normas que rexen o diálogo e a intervención en grupo.

APRENDER A APRENDER

- Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.
- Aplicar razoamentos de distinto tipo e procurar explicacións multicausais para comprender os fenómenos sociais e avaliar as súas consecuencias.
- Anticipar posibles escenarios e consecuencias futuras das accións individuais e/ou sociais.
- Comprender as actividades presentadas e planificar a estratexia máis axeitada para resolvelas.
- Comunicar e expresar de forma efectiva os resultados do propio traballo, argumentando de forma coherente as opinións persoais.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR

- Planificar a secuencia de tarefas para realizar un traballo de investigación ou de busca de información.
- Saber argumentar de forma lóxica e coherente as explicacións dos conceptos e fenómenos estudados.
- Tomar decisións e saber escoller o xeito máis axeitado para recuperar e presentar a información.
- Facer un seguimento das aprendizaxes realizadas para tomar conciencia do que se aprendeu e mais do que falta por aprender.